

Anexo 2. Actividade 1: Aclarando as ideas

FICHA RECORTABLE

Activa o radar TDX! Está en ti

- Recortade pola liña de puntos os termos e as definicións. Logo agrupádeos por parellas. Pensade, ademais, exemplos que poidan ilustrar cada un deles.

MASCULINIDADES IGUALITARIAS

HIPERSEXUALIZACIÓN DAS NENAS

HIPERSEXUALIZACIÓN

COUSIFICACIÓN

DELGADEZA

SEXISMO

CANONS DE BELEZA

CORPO

GORDOFOBIA

COUSIFICACIÓN DA MULLER

Anexo 2. Actividade 1: Aclarando as ideas

FICHA RECORTABLE

Activa o radar TDX! Está en ti

Tratar como cousa algo que realmente non é un obxecto senón que é un ser humano.

Teoría baseada na suposta inferioridade da muller determinada por mor das diferenzas biolóxicas que presentan respecto aos homes. Baséase en actitudes e comportamentos que perpetúan a desigualdade, infravalorando e diferenciando ás persoas segundo o seu sexo.

Facer uso das mulleres ou da súa imaxe para finalidades que non as dignifican.

Asumir actitudes, roupa, maquillaxe, etc., que non se corresponden coa idade.

Odio, rexeitamento cara ás persoas gordas polo feito de ser gordas.

Obsesión por resaltar os atributos sexuais por encima de todas as demais calidades que poida ter unha persoa.

Aquilo que non sostén ningún tipo de violencia nin opresión propia do patriarcado. Impulsa cambios nos roles de xénero para a prevención de conductas discriminatorias e promove unha sociedade máis libre.

Conxunto de características que unha sociedade nun momento histórico concreto considera fermosas ou atractivas, ben sexa sobre un obxecto ou sobre unha persoa. Non é inmutable, senón que é historicamente variable e non é común ás diferentes culturas.

Fai referencia a unha calidade, característica ou condición física de fracura.

Conxunto de órganos, sistemas e células que nos constitúen a cada ser humano e ao cal estamos inevitablemente atados pola existencia.